

BASES DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VEN ÁS FEIRAS DO 8 E 22” DO CONCELLO DE ARZÚA

O Concello de Arzúa convoca este concurso coa finalidade de promocionar as feiras tradicionais do noso municipio a través de imaxes fotográficas que representen a súa singularidade e o seu atractivo. Establécese un procedemento aberto de participación e unha forma de selección mediante concurso con intervención de xurado. O certame rexirase polas seguintes BASES:

1. XUSTIFICACIÓN E OBXECTO

Este concurso é unha iniciativa dentro do *Plan de Dinamización e Promoción das Feiras do 8 e 22* que pretende poñer en valor o mercado tradicional que reúne durante todo o ano a veciños e veciñas e atrae a numerosos visitantes favorecendo ao tecido empresarial da vila.

Cada quince días Arzúa crea un escaparate comercial cun centenar de postos variados no que se pode atopar unha gran variedade de produtos.

Para promocionar isto, convócase este concurso co fin de obter imaxes fotográficas para a utilización para a promoción dos mercados a través de distintos soportes (páxinas web, redes sociais, guías, folletos, vallas publicitarias, material promocional, etc.).

2. PARTICIPANTES

O Concurso está aberto a todas aquelas persoas (afeccionadas ou profesionais) maiores de 18 anos que desexen participar, sen máis limitacións que as contidas nestas bases. Cada participante poderá presentar como máximo **tres propostas**.

3. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

As fotografías poderán presentarse dende o **luns 26 de setembro ata o mércores 26 de outubro**. Todos os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos en medios impresos, calquera posible conflito con terceiras partes debido á propiedade intelectual do mesmo será responsabilidade exclusiva do/da concursante que presente a proposta.

Non serán admitidas obras que sexan plaxios doutros/as autores/as nin que resultaran premiadas noutros concursos.

As fotografías non poderán ser alteradas dixitalmente nin por calquera outro medio, non aceptándose fotomontaxes. Si serán aceptadas as correccións de luz e cor.

As obras deberán presentarse en formato dixital (.jpeg) en óptima calidade, non debendo superar o peso máximo do arquivo de 3 MegaBytes (Mb) e achegalas por correo electrónico a cultura@concellodearzua.com dentro do prazo establecido.

A temática das obras presentadas versará sobre a pontenciación das feiras quincenais, baixo o lema “Ven ás feiras do 8 e 22”.

Cada foto deberá enviarse xunto coa seguinte información:

-Título (unha razón pola que se visita ou debe visitar este mercado tradicional).

-Lugar no que foi tomada a fotografía.

-Nome e apelidos, idade e profesión do autor ou da autora.

As fotografías recompiladas iranse subindo diariamente, a medida que se reciban, a un álbum creado especificamente para o certame no perfil de Facebook da Concellaría de Comercio, de xeito que tanto as persoas participantes como os/as usuarios/as da Rede poidan velas, compartilas e contribuír así á difusión dos atractivos das feiras.

As doce fotografías elixidas formarán parte do calendario para o ano 2017 que elaborará o Concello de Arzúa e poderán, optativamente, responder as seguintes temáticas: roupa e calzado, produtos locais e da zona, alimentación, produtos para a horta e apeiros de labranza, churros, polbo á feira, gando, pan e doces, sementes e viveiros, artesanía, a feira e as súas xentes e vista xeral.

4. INTEGRANTES DO XURADO E CRITERIOS

Por parte da Concellaría de Cultura e Comercio do Concello de Arzúa, designarase un xurado integrado por membros do Concello e por profesionais relacionados coa temática do concurso. O xurado terá en conta á hora de valorar a calidade técnica e artística de cada proposta e a capacidade que teña para comunicar visualmente e realzar os atractivos das feiras do 8 e 22 de Arzúa.

5. FALLO DO XURADO E ENTREGA DE PREMIOS

O xurado, unha vez finalizado o prazo de presentación de obras, reunirse e examinará as fotografías presentadas. O fallo do xurado comunicarase aos participantes e a través dos medios de difusión dispoñibles do Concello de Arzúa (web, redes sociais, radio, etc.).

O xurado resérvase o dereito de declarar o premio deserto e convocar un novo concurso ou unhas novas bases ás que deberán presentar novos traballos.

6. PROPIEDAD INTELECTUAL

O Concello de Arzúa resérvase o dereito para reproducir as fotografías premiadas, sen límites temporais nin territoriais con fins de promoción de carácter turístico, en redes sociais, soportes informativos, así como expoñer de maneira libre calquera das imaxes.

7. PREMIO

Establécese un premio de 50 euros para cada unha das doce imaxes elixidas.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 do vixente orzamento, ata o límite de 600 euros.

Os premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

Arzúa, 19 de setembro de 2016.

José Luís García López
Alcalde do Concello de Arzúa